

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O HUB DE CARÁCTER ESTRATÉXICO *DiH DATALIFE* PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A POSTA EN MARCHA DO HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL

Santiago de Compostela, a 16 de diciembre de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia nomeado para o devandito cargo polo DECRETO 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº127, do 14 de novembro), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo; e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, “GAIN”), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, DNA. CARME PAMPÍN CASAL, NIF 33291672-T, en nome e representación do Hub DiH DATALIFE (G70603063) na súa calidade de presidenta, en virtude da Acta Fundacional da Asociación “DiH DATALIFE-HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE”, con capacidade para asinar convenios da asociación segundo o Artigo 23, punto f) dos Estatutos da Asociación DiH DATALIFE – HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, ao efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos de GAIN atribúenlle, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Así mesmo, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes del sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

SEGUNDO

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) define o marco para as políticas de investigación e innovación supeditando as prioridades de investimento a tres retos. Cada un destes retos ten asociadas unha

serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os que cabe destacar as respectivas axendas dixitais e o programa H2020.

No proceso de diálogo con empresas, universidades, centros de coñecemento e tecnolóxicos para a elaboración do Plan galego de investigación e innovación evidenciouse un amplo consenso respecto da necesidade de articular novos modelos de colaboración abertos para coñecer as capacidades existentes, cohesionar o sistema de innovación e mellorar o impacto, eficacia e eficiencia das políticas públicas de I+D+i e a súa sustentabilidade.

Considerando este contexto, o Plan Galicia Innova 2020, de forma coherente e coordinada coas orientacións en materia de dixitalización e especialización intelixente da Comisión Europea, aposta por un modelo de hubs de innovación dixital que permitan á pequena e mediana empresa innovar a través das novas tecnoloxías, logrando ser así máis competitivas e gañar en tamaño. Así, a través de dinámicas de colaboración público - privada que agrupen e articulen de forma aberta a todos os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos para Galicia, búscase mellorar a competitividade da economía galega.

Os hubs de innovación dixital son estruturas funcionais de soporte que axudan ás empresas para ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais / de produción, así como os seus produtos e servizos a través das tecnoloxías dixitais.

Os hubs de innovación dixital permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados, facilitando á industria o acceso a diferentes servizos de innovación que posibilitan unha adecuada integración de tecnoloxías emerxentes na súa estratexia de negocio. O enfoque tecnolóxico dos hubs de innovación dixital debe cubrir de forma prioritaria tecnoloxías que presenten un potencial importante para a industria, pero cunha taxa de penetración actual limitada (por ex. conectividade e sensórica, automatización flexible, fabricación aditiva, materiais intelixentes, entre outras).

TERCEIRO

Co fin de que o modelo de hubs de innovación dixital proposto polo Plan Galicia Innova 2020 poida estar en pleno funcionamento a partir de 2020, a Axencia

Galega de Innovación, organismo que ten a competencia para desenvolver en Galicia instrumentos capaces de estimular e apoiar iniciativas e procesos de colaboración entre os principais axentes de creación e transferencia de coñecemento para promover ámbitos de excelencia (artigo 9 do Decreto 50/2012), publicou o pasado 17 de agosto un anuncio para recoller manifestacións de interese de cara a recompilar información para articular a incorporación no Sistema galego de innovación, desde unha perspectiva *bottom up*, deste novo instrumento e definir os apoios públicos máis axeitados para o seu desenvolvemento.

Como resultado desa consulta, constatouse a necesidade de continuar co proceso definindo as bases para a selección de proxectos de hubs estratéxicos para Galicia e convocando o respectivo proceso selectivo.

CUARTO

A Axencia Galega de Innovación publicou no DOG núm. 240, do 18 de decembro de 2018, a Resolución do 4 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para a selección de proxectos de hubs de innovación dixital que contribúan ao avance da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3).

Segundo se indica no corpo da dita resolución; a valoración do carácter estratéxico dun hub farase tendo en conta a súa visión estratéxica, a proposta operativa que se formula e o seu potencial impacto no tecido empresarial galego, sempre tendo en conta o seu aliñamento e contribución ao avance da RIS3 Galicia.

Así mesmo, establécese que a selección dun proxecto de hub ao abeiro desta convocatoria suporá o recoñecemento por parte da Administración galega do seu carácter estratéxico, requisito imprescindible para o acceso aos instrumentos de apoio público que se porán en marcha en Galicia para o apoio dos hubs de innovación dixital. Os proxectos de hubs seleccionados poderán acceder a asesoramento especializado encamiñado a despregar as súas propostas, así como, unha vez que se constituían formalmente, a axudas para o seu financiamento. O acceso a estes apoios estará sempre condicionado ao

cumprimento dos requisitos específicos que se exixan no marco de cada instrumento.

QUINTO

Segundo a Resolución do 5 de abril de 2019 (DOG núm. 84, do 3 de maio), o Hub DiH DATALIFE resultou seleccionado na citada convocatoria, o dito Hub foi presentado como proxecto pola Asociación Bioga-Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida. Polo exposto, a Administración galega recoñece o seu carácter estratéxico, o cal posibilita que o devandito Hub, unha vez que se constituía formalmente, poida acceder aos instrumentos de apoio público como a axuda que se instrumentaliza a través deste convenio de colaboración entres as partes.

SEXTO

Que o Hub DiH DATALIFE (G70603063) constituído o 31/10/2019 é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os comparecentes subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Hub DiH DATALIFE, o cal será o beneficiario da subvención, para o financiamento das actuacións necesarias para a posta en marcha do Hub de innovación dixital encadradas nos conceptos e baixo as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*).

SEGUNDA.- Descrición dos obxectivos

A axuda que se regula mediante este convenio vai dirixida á creación, definición, planificación e posta en marcha do Hub DiH DATALIFE, co fin de que estea en

disposición de prestar servizos unha vez concluído o período de vixencia deste convenio.

As actuacións a realizar no marco deste convenio deben estar encadradas nos conceptos e cumprir as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*). Esas actuacións deben ir dirixidas a cumprir, como mínimo, os seguintes obxectivos:

1. Definir o modelo de negocio, incluíndo: a redacción de estatutos, protocolos e normas de funcionamento do Hub, selección de centros de competencia, a planificación da estratexia de financiamento e sustentabilidade do Hub, a planificación de actividades de márketing e comunicación, así como a análise de fontes de financiamento privado e público.
2. Poñer a disposición do ecosistema galego de innovación determinados servizos, mediante a prestación directa deses servizos por parte do Hub, ou a través da súa intermediación. Inclúese neste obxectivo a definición do catálogo de servizos e a creación e posta en funcionamento dunha plataforma online.
3. Identificación de dous proxectos piloto de especialización orientados a incrementar as capacidades do Hub para prestar futuros servizos. Estes proxectos deben servir para fortalecer a especialización do Hub en determinadas tecnoloxías de acordo cos ámbitos tecnolóxicos identificados na propostas.

TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- Realizar as actuacións recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) e efectuar os correspondentes gastos e pagos segundo o previsto no Anexo II (*Orzamento previsto*).
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.

- Informar a GAIN, cunha periodicidade cuadrimestral, da situación e evolución das actividades obxecto do presente convenio remitindo unha memoria explicativa das actuacións desenvolvidas nese período. Esta memoria deberá acompañarse de todos os documentos (protocolos, plans, informes, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Para analizar o contido destas memorias, GAIN poderá contar co apoio de expertos externos.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos de GAIN co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a GAIN a obtención de subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento destas, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na *Ley 9/2017, de 8 de novembro, por la que transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*, para o contrato menor; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013

- Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais as normas que a desenvolven.
- Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da *Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones*, modificado polo artigo 30.3 da *Ley 15/2004, do 16 de novembro, de racionalización del sector público y otras medidas de reforma administrativa*.
- Cumprir coas obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativas á obriga de subministración de información por ser beneficiario de subvención.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de demora percibidos dende o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- No suposto de subcontratación, o beneficiario deberá achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas cumpren co establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no seu Regulamento.
- No suposto de adquisición, construción e rehabilitación e mellora de bens inventariables, cumprir co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007:

- No caso de bens inscribíbles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Ademais deberá facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.
 - En canto aos demais bens aos que se refire este apartado, deberán destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período mínimo de 2 anos.
- Destinar a axuda prevista neste convenio á realización de actividades de carácter non económico, e manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría axeitada en relación con todos os gastos realizados ao abeiro do convenio, así como conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación.

Outras obrigas: Comunicación e difusión

1. O beneficiario deberá colaborar activamente con GAIN en cantas actividades sexan necesarias para a correcta comunicación das actuacións do convenio. Así mesmo, deberá informar previamente, a través do correo electrónico gain@xunta.gal, dos actos e comunicacións públicas que se desenvolvan en relación con este convenio, coa antelación suficiente para poder valorar a presenza institucional neles.
2. O beneficiario deberá levar a cabo durante a vixencia do convenio, como mínimo, as seguintes actuacións de difusión e comunicación:
 - Creación dunha identidade visual propia para o Hub, aplicable a todos os soportes de comunicación para xerar adhesión á marca.
 - Elaboración dun kit de comunicación básico para presentar o Hub ante os seus públicos obxectivo, constando como mínimo de:
 - Presentación dixital (PowerPoint ou similar).
 - Folleto explicativo.
 - Vídeo.
 - Elementos básicos de escenografía para eventos (roll-up e similares).

- Dous actos de difusión e promoción. Esas actividades deberán ir orientadas a atraer o interese das pemes cara os servizos que presta o Hub. O seu contido e posibles datas de celebración deben ser comunicados con antelación a GAIN.
3. Posicionamento web do Hub. Esta tarefa pode realizarse en dúas fases, vinculadas á evolución do propio Hub:
 - Creación dunha sección específica na páxina web da entidade que promove o Hub, ben visible e accesible desde a home a través dun banner ou similar. Deberá explicar de xeito claro, como mínimo, cales son os servizos previstos, as tecnoloxías de referencia, as cadeas de valor ás que se dirixe e as entidades participantes no Hub.
 - Creación dunha páxina web específica para o Hub. No momento no que o proxecto estea suficientemente maduro ou GAIN o indique expresamente, o Hub deberá contar cunha web específica na que se desenvolvan todos os aspectos anteriormente referidos máis os que conveña detallar a maiores.
 - As entidades participantes no Hub deben reflectir nas súas webs de xeito visible a participación na iniciativa, a través dun banner na páxina principal que enlace directamente coa sección na web da entidade promotora inicialmente e á web do Hub posteriormente.
 4. Posicionamento do Hub en redes sociais. Seguindo o mesmo proceso que no posicionamento web, isto pode realizarse en dúas fases:
 - Difusión nas redes sociais da entidade promotora (que deberá xerar actividade de redifusión nas redes das entidades participantes) a través dun hashtag específico de todos os fitos no proceso de creación do Hub.
 - Creación de perfís específicos nas redes sociais que se decida en función dos públicos obxectivo do Hub. Debe contemplarse a creación dunha comunidade ampla arredor do Hub e xeración de impactos frecuentes que promocionen os servizos.
 - As entidades participantes no Hub deben comprometerse na redifusión dos contidos xerados arredor do Hub en ambas as dúas fases do proceso.
 5. Gabinete de prensa. Difusión aos medios de comunicación dos eventos e dos principais fitos na creación e evolución do Hub e recollida dos impactos xerados, que deberán ser reportados semestralmente a GAIN.
 6. Proposta periódica de visitas institucionais ás entidades involucradas (tanto da promotora como as dos demais membros) para dar conta dos fitos do proceso de creación dos Hubs, enfocándoas como ocasións para difundir exemplos concretos de aplicacións prácticas dos servizos para as empresas.
 7. O beneficiario deberá facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material

e documentación de execución, información e publicidade das actividades do convenio o logotipo identificativo da Xunta de Galicia e de GAIN segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

8. En todas as notas de prensa, presentacións dixitais e demais soportes de difusión debe utilizarse expresamente e de xeito destacado a seguinte expresión: “O Hub DiH DATALIFE é unha iniciativa que se desenvolve no marco da Estratexia Galega de Hubs de Innovación Dixitais, promovida pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria”.

CUARTA.- Orzamento e financiamento

- O gasto total das actuacións a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto no *Anexo II*, ascende a 200.000,00€ para o período 2019-2020.
- Para o desenvolvemento desas actuacións, GAIN concede ao Hub DiH DATALIFE unha subvención a fondo perdido por un importe máximo de 200.000,00 euros para as anualidades 2019-2020.
- A achega de GAIN realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2019 e 2020:

Aplicación orzamentaria: 781.0		Cod. Prox 2019 00005	TOTAL
	2019	2020	200.000,00€
Importe	56.410,00€	143.590,00€	

- Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

QUINTA.- Réxime de pagamentos

Co fin de garantir a execución das actividades do convenio, poderán realizarse os seguintes pagamentos:

Anticipos:

Poderanse realizar pagamentos anticipados ata un máximo dun 75% do importe da subvención concedida, conforme ao artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

- Anualidade 2019: realizarase un pagamento anticipado, como máximo, polo total do importe previsto nesta anualidade. En todo caso deberá solicitarse de forma motivada ao longo da anualidade 2019.
- Anualidade 2020: poderá realizarse un pagamento anticipado por un importe máximo que, acumulado ao importe pagado en concepto de anticipo da anualidade 2019, non supere o 75% da subvención total concedida. O dito anticipo solicitarase de forma motivada ao longo da anualidade 2020. En todo caso, o libramento deste anticipo requirirá da previa xustificación do anticipo concedido na anualidade 2019. No caso de que non se xustifique a totalidade do importe concedido como anticipo na anualidade 2019, ou se a dita xustificación non se considerase suficiente, deberá procederse ao correspondente reintegro.

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante Resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada polo Hub.

Pagamentos a conta:

O beneficiario poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos á conta que, sumados aos importes anticipados, non poderán superar o 80% da subvención nin o importe de cada anualidade.

Pagamento final:

O importe restante da axuda aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

SEXTA.- Réxime de garantías .

A realización dos anticipos e pagamentos á conta está exenta da constitución de garantía polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

SÉTIMA.- Gastos e conceptos subvencionables

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas presentada no prazo e coas condicións indicadas na presente cláusula, e logo da emisión dos correspondentes informes técnicos favorables por parte de GAIN, a cal poderá recorrer se o considera necesario, ao apoio de expertos externos.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre a data da Resolución da Axencia Galega de Innovación pola que se procede á selección do proxecto de Hub de Innovación Dixital (Resolución do 05/04/2019) e as datas límite de xustificación establecidas no presente convenio.

En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado. Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos e cumpran as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*). Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

- a) **Custos de constitución e formalización do Hub**, debendo entender, en sentido amplo, que quedan comprendidos dentro desta categoría, a modo exemplificativo, os xerados por servizos de consultaría ou asesoramento previo á constitución, gastos de notaría, rexistro e os restantes necesarios para a formalización do Hub.
- b) **Custos de persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do convenio. Dentro dos custos de

persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no convenio.

- c) **Servizos de desenvolvemento web** e soporte de infraestruturas de tecnolóxicas de información. Poderán incluírse nestes gastos os derivados de soporte e mantemento de infraestruturas durante o prazo de execución do convenio.
- d) **Servizos de consultaría para actuacións de márketing**, incluíndo dentro dos mesmos: elaboración de imaxe de marca e documentación corporativa (logotipo, cartelería, folletos), así como o desenvolvemento de campañas de márketing dixital.
- e) **Servizos de consultaría para xestionar a oficina técnica do Hub**, que incluírá: elaboración de protocolos, coordinación de grupos de traballo e posta en marcha de servizos.
- f) **Servizos de auditoría de contas** sempre e cando sexan obrigatorios respecto das actividades levadas a cabo polo Hub na execución das actividades obxecto do presente convenio.
- g) **Servizos de asesoramento en financiamento** (privado e público), análise de fontes de financiamento, procura de convocatorias de axudas públicas, elaboración de previsións financeiras a cinco anos.
- h) **Servizos de organización de eventos** por parte de terceiros para presentación das actividades en Galicia no prazo de execución do convenio.
- i) **Gastos de difusión e comunicación**, os cales terán que representar como mínimo o 10% do orzamento total.
- j) **Gastos xerais** do persoal que participa no desenvolvemento das actividades do convenio, como poden ser os seguros de responsabilidade obrigatorios relativos a este persoal. En todo caso o importe máximo subvencionable en concepto de gastos xerais será do 10% dos custos totais de persoal.

Tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto de todas as actuacións previstas no marco deste convenio e que, polo tanto, a distribución detallada do orzamento recollida no Anexo II ten un carácter estimativo, GAIN

poderá autorizar modificacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento previsto (anexo II) sempre que non supoñan minoración en ningún deles superior ao 20% dos importes previstos. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto. Estas modificacións non poderán supoñer un incremento da subvención establecida nin modificar os importes da subvención prevista para cada anualidade nin as condicións de xustificación recollidos no presente convenio.

Á petición do beneficiario e previo informe favorable da Comisión de seguimento, GAIN poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Para desenvolver as actuacións recollidas neste convenio, o beneficiario poderá recorrer á subcontratación, de acordo coa definición establecida no artigo 27.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: “cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada”.

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da citada Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando para o efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.

- Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

Nas subcontratacións nas que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da citada Lei 9/2007, na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Para os efectos do establecido no citado artigo 27 da Lei 9/2007, o custo total das subcontratacións non poderá superar o 80% do custo total das actividades subvencionadas, respectando ao efecto as prohibicións establecidas no punto 7 do citado artigo.

Sen prexuízo do anteriormente indicado, autorízase a subcontratación con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, sempre e cando a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado. O límite máximo para estas subcontratacións será do 50% do importe total da axuda.

Respecto da previsión de subcontratación, o beneficiario da subvención deberá ter en conta a posible consideración como “poder adxudicador”, segundo o establecido no artigo 3.3 d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. No suposto de que concorran as circunstanciadas que leven ao beneficiario a ter a consideración como “poder adxudicador”, este quedará sometido, no proceso de tramitación e adxudicación da contratación, ás prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa do sector público.

OITAVA.- Forma de xustificación

O beneficiario xustificará ante GAIN a realización das actuacións recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) por un importe total previsto de 200.000,00€ (detallado no Anexo II) da seguinte forma:

Anualidade	Importe máximo	Período de realización de gastos e pagamentos	Data límite de presentación da documentación xustificativa
2019	56.410,00€	05/04/2019 – 31/12/2019	31/03/2020
2020	143.590,00€	01/01/2020 – 30/11/2020	10/12/2020

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, GAIN a requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación dos gastos realizados na execución das actividades do convenio realizarase mediante a achega dunha conta xustificativa, conforme ao disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009, consistente en:

- **Memoria técnica** xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberán incorporarse todos os documentos (protocolos, plans, informes, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Esta memoria técnica deberá obter o informe favorable de GAIN, que poderá recorrer ao apoio de expertos externos.

- **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - 1) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do concepto de gasto, o proveedor, o importe (diferenciando a base imponible e o IVE) , data de emisión e data de pagamento.
 - 2) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, será necesario aclarar o gasto realizado por outros medios.
 - 3) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica sempre que contén co selo do banco. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada en que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas devanditas facturas.
 - 4) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

- 5) No caso de custos de persoal:
- a) Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do convenio.
 - b) Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do convenio e orixinal ou copia compulsada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a lista da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
 - c) Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia compulsada).
 - d) Ademais, no caso de persoal de nova contratación para as actividades do convenio deberá achegarse orixinal ou copia compulsada do contrato de traballo no que se poida verificar a dedicación do 100% a esas actividades.
- 6) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deberá ter solicitado o beneficiario.
- 7) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.

- 8) Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que GAIN realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.
- 9) No caso de bens inscribibles nun rexistro público, escritura de inscrición onde conste o importe da axuda recibida e o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a axuda.
- 10) Carta de pago á que fai referencia o artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, relativa ao reintegro de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados destes; esixible nos casos nos que se prevé a posibilidade de concesión de anticipos.

GAIN resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

NOVENA.- Compromisos do beneficiario previos á sinatura do convenio

Presentar a seguinte documentación:

- Escritura pública de constitución do Hub.
- Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha

autorización para que GAIN realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo as previsións do do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade con outras axudas

A axuda concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para as mesmas actividades que se desenvolvan no marco deste convenio, xa que se financian cunha intensidade do 100%

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime aplicable e reintegro

- Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei.
- Procederase á revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos

casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN e dous representantes do beneficiario, designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión celebrará unha reunión cuadrimestral na que se analizará o desenvolvemento das actividades recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*).
2. Propoñer a GAIN variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no presuposto para adecualos á execución das actuacións previstas, sempre e cando non supoñan un incremento da subvención establecida nin modifiquen os importes e condicións de xustificación.
3. Informar, á petición do beneficiario, as modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto, se superar en todo caso o importe máximo previsto para cada un dos conceptos de gasto.
4. Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas.
5. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

Ademais das reunións cuadrimestrais sinaladas, a Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolva este.
- O mutuo acordo das partes

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de GAIN e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo modo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no citado rexistro.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do beneficiario para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de

información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e GAIN, de maneira que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia

O presente convenio de colaboración está en vigor dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e pola restante normativa que no seu caso resulte de aplicación.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Axencia Galega de Polo Hub DIH DATALIFE
Innovación e Conselleiro de Economía,
Emprego e Industria

Francisco José Conde López.

Carme Pampín Casal

ANEXO I

PLAN DE TRABAJO

DATALife plantea un plan de trabajo acorde a los objetivos a alcanzar, basado en la identificación de una serie de actividades y tareas desarrolladas en este Anexo I.

Las actividades incluidas a desarrollar son:

- **Costos de constitución y formalización del HUB**

La finalidad es garantizar la correcta constitución de DATALife en tiempo y forma.

Abrange los costos tanto de la redacción de estatutos para formalizar la forma jurídica de los Digital Innovation Hubs que firme el convenio de colaboración y demás documentación legal, así como el pago de tasas derivadas de la gestión de los mismos, para proceder al registro de la entidad para su correcto funcionamiento.

- **Costos de personal**

La finalidad de esta partida es la de dotar a DATALife de los recursos humanos necesarios para desarrollar su actividad de la forma más eficiente posible dentro del presente convenio. Además, la contratación permitirá sentar las bases de la organización y gestión interna de DATALife, siendo una de las condiciones necesarias para alcanzar el objetivo general de la autosostenibilidad del Hub a largo plazo, más allá del convenio.

DATALife tiene previsto generar empleo de alta cualificación al amparo del presente convenio a través de la contratación de personal propio mínimo para iniciar el funcionamiento del DIH. Prevése la contratación de un perfil medio cualificado para desarrollar capacidades de gestión de iniciativas innovadoras (proyectos, pymes tecnológicas, startups,...), conocimiento o experiencia en tecnologías digitales y experiencia en actividades comerciales y de representación institucional. El perfil de nueva contratación estará dedicado a tiempo completo para las actividades de este Convenio y contará con apoyo del personal de los miembros fundadores del DIH.

- **Servicios de desarrollo web**

La finalidad de esta partida es la de dotar a DATALife de las herramientas online precisas para:

1. Permitir el posicionamiento online de DATALife en los principales buscadores de internet.

2. Dispor dun repositorio informativo online ao cal poida acudir o ecosistema galego de innovación co fin de obter información sobre que é e que servizos ofrece DATAlife.
3. Facilitar a actividade comercial de DATAlife en dous ámbitos, na venda de servizos e na obtención de asociados.

Para iso, son precisos dende o punto de vista técnico, tres elementos:

1. A elaboración dunha **páxina web** propia que resulte ao mesmo tempo repositorio informativo e de servizos, e canle de rexistro de socios.
2. O lanzamento dunha **plataforma dixital** que permita a interconexión de membros entre as distintas cadeas de valor que abrangue DATAlife e fomentando a comunicación entre a distinta tipoloxía de socios.
3. **Soporte técnico de hosting, dominio e mantemento** para asegurar o correcto funcionamento das distintas ferramentas online e as súas funcionalidades, así como a aseguranza da velocidade óptima de uso. Este soporte inclúe actualizacións dos sistemas, copias de seguridade frecuentes e as actividades de mantemento que sexan precisas.

- **Servizos de consultaría para actuacións de márketing**

O obxectivo é o de crear una marca de DATAlife recoñecible e valorada polo ecosistema galego de innovación. Esta marca e a imaxe asociada engadirán valor ás actividades e servizos que xestione o DIH e axudarán na oferta de servizos e a obtención de asociados, que en último caso son fontes propias de financiación que garanten a autosustentabilidade de DATAlife.

Establecense tres niveis de actuación neste ámbito:

- Desenvolvemento da **estratexia de márketing de DATAlife**. Baseada no establecemento dos obxectivos estratéxicos, a análise da audiencia (clientes/socios) obxectivo e os canais de comunicación; e a identificación das accións necesarias para a consecución deses obxectivos.
- Deseño da **imaxe corporativa de DATAlife**. Abrangue o deseño de marca (logotipo), desenvolvemento do manual de identidade corporativa e as aplicacións da marca en todos os soportes necesarios (documentos e arquivos, tarxetas de visita, firma de mails, etc).
- Execución das **accións de márketing de DATAlife**. As accións identificadas no plan de márketing serán executadas de maneira específica para garantir a consecución dos obxectivos de DATAlife.

- **Servizos de consultaría para xestionar a oficina técnica do Hub**

O obxectivo de esta partida é o de establecer e definir o plan estratéxico de DATAlife, xestionar a organización interna e analizar e xestionar os recursos necesarios para a prestación de servizos.

Así, o plan estratéxico incluírá unha análise focalizada nas capacidades tecnolóxicas da rexión así como das necesidades dos clientes principais, as pemes. O obxectivo desta fase do plan será a de adecuar a oferta de DATAlife ás necesidades concretas do ecosistema, mediante a creación dun mapeo das capacidades tecnolóxicas dixitais a nivel rexional tanto ofertante como demandante, así como a identificación de potenciais empresas clientes do DIH e prescriptores de cada tecnoloxía no ámbito territorial do DIH.

Dentro da xestión interna, esta partida prestará especial atención á organización dos grupos de traballo e á operativa da chamada “xanela única” de xestión das solicitudes de servizos; así coma aos procedementos de incorporación de novos socios.

En base ao obxectivo deste servizo levaranse a cabo diferentes actividades enfocadas á:

- **Xestión interna**

Para alcanzar o plan de negocio será necesario definir, ademáis do modelo de gobernanza e organización, o plan de actuación e xestión, así como o plan de compromiso e sustentabilidade do Hub, e a elaboración dos protocolos e documentación asociada.

- **Carteira de servizos e a súa posta en marcha.**

A carteira de servizos deberá ser definida en función das necesidades das cadeas de valor integrantes de DATAlife, analizando tamén o listado de centros de competencias que poden cubrir a oferta tecnolóxica ou dixital. Á súa vez será necesario definir diferentes aspectos desta carteira de servizos:

- Plan de comercialización dos servizos.
- Infraestruturas e ferramentas necesarias para soportar dita prestación de servizos.
- Plan de viabilidade de ditos servizos.
- Apoio interno á asociación na xestión de convocatorias asociadas á prestación de servizos para as pemes que contraten os servizos do DIH DATAlife.

Para alcanzar o plan de negocio será necesario definir, ademáis do modelo de gobernanza e organización, o plan de actuación e xestión, así como o plan de compromiso e sustentabilidade do Hub, e a elaboración dos protocolos e documentación asociada.

- **Servizo de auditoría de contas**

Dende DATAlife enténdese unha obriga a xestión transparente dos fondos públicos. É por elo que as contas do Hub serán obxecto de revisión por parte dun auditor externo que garanta a transparencia e as boas prácticas na xestión dos fondos financeiros de DATAlife.

- **Servizos de asesoría en financiamento**

Se ben a firma do presente convenio supón un fito para DATAlife, o fin último do Hub é acadar a autosustentabilidade. Por iso, cómpre analizar todas as posibles fontes de financiación á disposición do Hub.

Ese será, por tanto, o obxectivo dos servizos de asesoría en financiamento:

- Identificación e análise das fontes públicas e privadas que encaixan co modelo de negocio de DATAlife
- Soporte na consecución de ditas fontes identificadas
- Axuda na elaboración do plan de negocio a longo prazo.

- **Servizos de organización de eventos**

A organización de eventos será una actividade chave no desenvolvemento de DATAlife, cumprindo un dobre obxectivo:

- En primeiro lugar: creación de ecosistema, sendo os eventos lugares de encontro e interconexión entre entidades de distinta natureza e englobadas en distintas cadeas de valor. DATAlife nace coa convicción de converterse nun catalizador de sinerxias entre axentes de diversa índole.
- En segundo lugar, os eventos convertíranse nun eixe máis da actividade comercial de DATAlife servindo ós intereses estratéxicos do Hub específicos en cada momento.

Así, se establece a organización principalmente dous tipos de eventos:

- Un primeiro evento de presentación a todo o ecosistema galego de innovación, dando a coñecer as liñas mestras da súa actuación, estratexia e servizos

- o Unha serie de actividades de difusión e promoción, máis enfocados ás necesidades concretas das distintas cadeas de valor que permitan mostrar de maneira directa as solucións tecnolóxicas ofertadas por DATAlife e orientados a atraer o interese das pemes cara os servizos que presta o HUB.

- Gastos de difusión e comunicación

Un dos principais obxectivos dos hubs de innovación dixital é o de permitir a creación, dinamización e crecemento do ecosistema de innovación a nivel rexional.

DATAlife acadará este obxectivo mediante as accións de difusión e comunicación desenvolvidas “ad hoc” das necesidades dos distintos interlocutores, tratando ademais de achegar a axentes que ata o de agora non estaban na órbita deste ecosistema, como poden ser os produtores primarios das cadeas de valor ás que se dirixe DATAlife.

Ademáis para non paralizar a actividade dende a data de constitución do DIH, contemplase un servizo de comunicación e difusión para posicionar DATAlife en diferentes actividades relacionadas cos obxectivos do DIH durante o período no cal o DIH non dispoña de persoal propio que desenvolva estas actividades de posicionamento e de acción comercial.

- Gastos xerais de persoal

Se executarán un mínimo de gastos xerais relacionados coa contratación do persoal propio do DIH que dea cobertura aos gastos principais que se poidan xerar, como poden ser os seguros de responsabilidade obrigatorios relativos a este persoal e outros gastos derivados.

O Presidente da Axencia Galega de Polo Hub DIH DATA LIFE
Innovación e Conselleiro de Economía,
Emprego e Industria

Francisco José Conde López.

Carme Pampín Casal

ANEXO II

ORZAMENTO PREVISTO

Desglose de Gastos por partida	TOTAL	Anualidades	
		2019	2020
Custos de Constitución e formalización do HUB	1.330,00 €	1.330,00 €	- €
Custos de persoal	58.334,00 €	- €	58.334,00 €
Servizos de desenvolvemento web	34.000,00 €	14.000,00 €	20.000,00 €
Servizos de consultaría para actuacións de marketing	10.000,00 €	10.000,00 €	- €
Servizos de Consultaría para xestionar a oficina técnica do HUB	36.000,00 €	15.000,00 €	21.000,00 €
Servizos de auditoría de contas	2.100,00 €	- €	2.100,00 €
Servizos de asesoramento en financiamento	14.000,00 €	3.500,00 €	10.500,00 €
Servizos de organización de eventos	13.000,00 €	4.000,00 €	9.000,00 €
Gastos de difusión e comunicación	28.380,00 €	8.580,00 €	19.800,00 €
Gastos xerais de persoal	2.856,00 €	- €	2.856,00 €
TOTALES	200.000,00 €	56.410,00 €	143.590,00 €

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE

O Presidente da Axencia Galega de Innovación Polo Hub DIH DATALIFE
e Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

Francisco José Conde López.

Carme Pampín Casal